

ARTE CONCEPTUAL

OBRA: ART IS BEAUTIFUL, ARTIST MUST BE BEAUTIFUL

AUTOR: **Marina ABRAMOVIC (1946)**

CRONOLOXÍA: 1975

ESTILO: Arte conceptual, *performance*



Marina Abramovic nace en Belgrado en 1946. Como “avoa da *performance*”, segundo se define ela mesma, adicou gran parte da súa vida artística a explorar e traspasar os límites físico-psicolóxicos. Divulgou a idea do uso do corpo para realizar Arte, polo que a súa Arte centrouse na acción e xa non nun obxecto. Ela é, ao mesmo tempo, suxeito, medio e obxecto da súa obra, emisora e mensaxe. Pero na práctica, o público é moito máis que o receptor: cos espectadores desenvolve intensos intercambios de sensacións e enerxías; forma parte da súa ecuación, da propia *performance*, coas súas reaccións viscerais ou a súa distancia. A produción de Abramovic non tería sentido en soidade nin en espazos privados, e ela nunca se prantexou bloquear esas correntes de forza que os seus traballos xeran poñéndose barreiras que, por outro lado, impedirían a provocación e o atrevemento. En 1974 realizou *Rhythm 0*, o primeiro acto. Varias veces estivo cerca da morte polo perigo ao que se expón, pero segue sendo unha artista activa e cun legado na arte da *performance*. De 1975 a 1988 traballou cun artista alemán que se convertería na súa parella, Ulay, e foron protagonistas da que pode ser a *performance* máis coñecida da historia: *The artist is present*, no MoMA de Nova York (2010), de gran éxito pola conmoción que creou no público. Crearon o que chamaron unha “unidade andróxina” poñendo continuamente a proba a súa mutua confianza e cuestionando nas súas accións se era posible sinalar onde remataban as identidades propias e onde comezaban as comúns.

Marina Abramovic utiliza varias das vías comunicativas da arte contemporánea, como o corpo, o espazo e a linguaxe para amosarnos o que é ou non é a mensaxe que quere transmitir. A arte sempre estivo relacionado coa beleza, o chamativo e o que se desexa. Do mesmo xeito, a Arte desde os seus inicios era considerado como peza de mercado e está baseado nun contrato, ligado a un intercambio de valores. Pouco a pouco, esa beleza convértese nunha mestura de discursos, chegando a debates sobre a Arte Contemporánea e o valor da artista no mundo de hoxe. Á pregunta se vale todo na Arte, a resposta é si sempre e cando rompa co anterior, sexa novo, chamativo e teña éxito.

Para falar do valor do artista no mundo de hoxe, Abramovic realizou a performance *Rythm 0*. Na sala da galería había sobre unha mesa obxectos como plumas, rosas, unhas tesoiras, coitelos, cadeas, perfumes, unha pistola. Cando se iniciou a *performance*, o público podía coller un dos obxectos e acercarse á artista, que se atopaba no centro, para facer o que quixera. As reaccións son diversas e, en certa maneira, previsibles. Nun principio, os asistentes acariciaban á artista e lle amosaban respecto, pero pouco a pouco ese respecto ía desaparecendo, xunto co pudor, e coas tesoiras foron quitándolle a roupa. Abramovic foi agredida e nun punto final foi apuntada coa pistola. O traballo co seu corpo fai reflexionar como o público interactúa coa obra e que significa para o mesmo o artista. Nun primeiro momento é idolatrada e admirada, pero a natureza humana é curiosa e morbosa, chegando incluso a ser violenta e agresiva e a propia artista vese obxectualizada e utilizada polo consumidor final.

Outras veces Abramovic interactúa co público deixando clara a ausencia de privacidade por exemplo nas performances con Ulay. O valor da artista para o consumidor amósase claramente con *The artist is present*, performance realizada no MoMA, na que aparece a artista sentada na metade da sala fronte a unha mesa e unha cadeira que os asistentes poden ocupar para un momento con ela. O visitante é quen marca o tempo que quere estar integrado na obra, decide como interactúa con Abramovic e é quen decide en que punto rompe o nexo persona-arte-artista-obra. A artista pode ser tratada como unha divindade ou como unha obra de arte. Nun momento dado, o observador decide interromper esa experiencia mística coa artista e deixar paso a unha experiencia recordativa. A artista atópase nunha ambigüidade de soidade-compañía na que a pesares de estar compartindo un tempo, un espazo e unha experiencia con decenas de personas, á vez que se atopa nunha lonxanía que a enmarca nunha soidade da que non poderá saír polo feito de ser a artista presente.

COMENTARIO

Esta performance realizouse en Copenhage en 1975. Pódese ver a Abramovic peiteando agresivamente a súa melena. Cun cepillo nunha man e un peite na outra, pásaos pola cara e cabelo mentres repite a frase que dá título á obra (*"A arte debe ser bela, a artista debe ser bela"*). A súa voz e xesto denotan dor, aínda que nalgún momento parece entrar en trance. Demostra ao estado mental ao que se pode chegar a través da dor. A artista aparece acicalándose para ser tan fermosa como debe ser a arte, para pouco a pouco cambiar a un ambiente violento y crispante que fai ao espectador revolverse no asento. Nesta hipnótica *performance*, a artista representa unha violenta crítica contra a frivolidade e o narcisismo que envolve o mundo da arte e os seus protagonistas, algo que parece non ter cambiado moito a pesares dos anos transcorridos. Nunha entrevista falando desta obra, a artista contou que no momento da súa realización estaba convencida de que a Arte debía ser máis perturbadora que bela, pero que pasado o tempo, comezara a pensar que a beleza non estaba tan mal. Poderíamos dicir que aínda que a mensaxe da obra nos invita a reflexionar sobre a concepción de beleza nun ser humano, podemos afirmar que o obxectivo principal desta *performance* foi establecer un diálogo co espectador ao xerar un sentimento de empatía coa artista e compartir as súas emocións, especialmente a dor que a xente sofre para ser bela.

Esta acción foi repetida varias veces por distintos artistas emerxentes que emulan a Abramovic debido á intención de provocar que ten a obra en si, por sacar ao espectador da súa zona de confort, así como o discurso, que cuestiona o concepto de definición da beleza.